



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 300 · Sábado, 31 decembro 2016

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Extracto da convocatoria e bases do "Concurso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na Provincia de Ourense, correspondente ao exercicio 2017" ..... 2

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Bolo (O)

Aprobación definitiva do orzamento xeral para o exercicio 2017 ..... 12

##### Paderne de Allariz

Exposición pública da aprobación inicial do orzamento de 2017 ..... 13

##### Veiga (A)

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos n.º 2/2016, financiado con cargo a remanente de tesourería..... 13

##### Xinzo de Limia

Aprobación definitiva da modificación Ordenanza fiscal n.º 7, reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros e pola prestación do servizo de tratamento e depuración de augas residuais, e da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa pola subministración de auga a domicilio ..... 14

##### Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense

Anuncio de cobro da taxa polo servizo de subministración de auga e canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao 3º trimestre do exercicio 2016, dos concellos de Paderne de Allariz e Parada de Sil ..... 16

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Extracto de la convocatoria y bases del "Concurso para la concesión de subvenciones para el fomento del termalismo saludable y la cultura termal en la Provincia de Ourense, correspondiente al ejercicio 2017" ..... 7

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Bolo (O)

Aprobación definitiva del presupuesto general para el ejercicio 2017..... 12

##### Paderne de Allariz

Exposición pública de la aprobación inicial del presupuesto de 2017 ..... 13

##### Veiga (A)

Aprobación definitiva del expediente de modificación de créditos n.º 2/2016, financiado con cargo a remanente de tesorería..... 14

##### Xinzo de Limia

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Número 7, Reguladora de la Tasa por el Servicio de Alcantarillado y por la Prestación del Servicio de Tratamiento y Depuración de Aguas Residuales, y de la Ordenanza Número 9, Reguladora de la Tasa por el Suministro de Agua a Domicilio..... 15

##### Mancomunidad Voluntaria de Ayuntamientos de la Comarca de Ourense

Anuncio de cobro de la tasa por el servicio de suministro de agua y canon del agua de la Xunta de Galicia, correspondiente al 3º trimestre del ejercicio 2016, de los ayuntamientos de Paderne de Allariz y Parada de Sil..... 16

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense acordou, na sesión ordinaria que tivo lugar no día da data, aprobar as seguintes:

Bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na provincia de Ourense, correspondente ao exercicio 2017

Para cumprir o devandito acordo, publícase, deseguido, o texto íntegro das mencionadas bases:

#### Primeira. Obxecto e beneficiarios

1. Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do ocio saudable nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, do 12 de novembro de 2015).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realízase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. En concreto, a través do procedemento regulado nestas bases a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións baixo dúas modalidades diferentes de programas:

#### Programas tipo 1. Programa de termalismo saudable

##### A. Estancias

##### A.1 Estancias balnearias:

A) Nesta liña A subvencionáanse estancias dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noites) de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base cuarta, apartado 3, pensión completa (incluíndo nesta pensión completa a bebida), 10 técnicas balnearias, posibilidade de revisión médica dos beneficiarios, sempre que o demanden, e programa de animación social).

B) Esta liña subvenciona estancias dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 13 días de duración (12 noites), de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base cuarta, apartado 3, pensión completa - incluíndo bebida-, técnicas balnearias, e posibilidade de revisión médica dos beneficiarios, sempre que o demanden, e programa de animación social).

A.2 Estancias balnearias + tren: estas subvencións financiarán as estancias balnearias conforme co previsto no apartado A.1.A. Neste programa, ademais do acceso á subvención en igualdade de condicións que os solicitantes do programa A.1.A, os/as beneficiarios/as da subvención poden adquirir os billetes de tren (ida e volta), dende algunha das “estacións termais” que participan neste programa e que se refiren no convenio suscrito entre Deputación de Ourense e RENFE e, se é o caso, as súas addendas ata a estación de Ourense. Os balnearios proporcionan servizos tales como traslados (ida e volta), dende a estación de Ourense ata o/os balneario/s seleccionado/s e rutas culturais.

A xestión de adquisición e posta a disposición do(s) billete(s) de tren, así como os traslados entre a estación e os balnearios, e as rutas culturais que se propoñan en cada unha das semanas de quenda, serán responsabilidade do balneario no que o solicitante desexe gozar do programa e non leva consigo gasto nin

gún pola xestión. O custo do billete, que será aboado polo beneficiario, responderá unicamente á tarifa prevista por RENFE para este programa e o importe aboado polo beneficiario en concepto de traslados e rutas culturais (estación de tren de Ourense/balneario/estación de tren, rutas culturais) ao previsto polo balneario para este servizo.

A. 3 Estancias balnearias con ou sen tren para grupos. Estas subvencións financiarán as estancias balnearias de grupos en similares condicións que as previstas para o Programa A.1.A. Para ter a consideración de grupos terán que cumprirse as seguintes condicións:

a. Que agrupen, polo menos, a 20 persoas en concepto de solicitantes e/ou acompañantes.

b. Que a solicitude deste programa sexa tramitada por unha entidade adherida, segundo o previsto nestas bases.

c. Que os solicitantes como grupo realicen un programa de estancias nun mesmo establecemento balnearios e dentro da mesma quenda.

#### B.- Tratamentos terapéuticos (sen estancia)

Os tratamentos sen estancia, inclúen, en todos os casos, consulta médica á chegada do/a beneficiario/a ao balneario.

B. 1 Tratamentos balnearios terapéuticos dermatolóxico. Financiarase o uso de técnicas balnearias, das recollidas no anexo como específicas para este tipo de tratamentos (20 técnicas balnearias repartidas ao longo dun máximo de 15 días computado dende o primeiro día en que se reciben técnicas balnearias)

B. 2 Tratamentos balnearios terapéuticos respiratorio. Financiarase o uso de técnicas balnearias das recollidas no anexo como específicas para este tipo de tratamentos (20 técnicas balnearias ao longo dun máximo de 15 días, computados dende o primeiro día en que se reciben técnicas balnearias).

B.3 Tratamentos balnearios terapéuticos reumatolóxico. Financiarase o uso de técnicas balnearias das recollidas no anexo como específicas para este tipo de tratamentos (20 técnicas balnearias ao longo dun máximo de 15 días, computados dende o primeiro día en que se reciben técnicas balnearias).

B.4 Tratamento balnearios terapéuticos reumatolóxico-respiratorio. Financiarase o uso de técnicas balnearias das recollidas no anexo como específicas para este tipo de tratamentos (35 técnicas balnearias ao longo dun máximo de 15 días, computado dende o primeiro día en que se reciben técnicas balnearias)

#### Programa tipo 2: Programa de cultura termal

1. Estas subvencións financiarán estancias de fin de semana dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense, de 2 días de duración (1 noite) de sábado a domingo, incluíndose pensión completa, 2 técnicas balnearias para os adultos, estancia e programa de ocio no caso de vir acompañados por menores de 12 anos (non poderán ser máis dun/dunha neno/a por programa).

No caso de que o/a solicitante (maior de 18 anos), veña acompañado dun/dunha menor, este non poderá gozar de tratamentos balnearios en ningún caso.

2. As subvencións reguladas nesta convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos balnearios sinalados nesta base, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional e non previsto nestas bases para cada programa descrito que poida ser prestado polos establecementos aos beneficiarios. En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos afectados, sen que de ningunha maneira se poida impoñer aos beneficiarios a súa recepción.

3. Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario seranlles prestados polos establecementos aos usuarios con carácter de servizos privados,

prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre os beneficiarios e os establecementos.

4. Os establecementos balnearios onde se realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

- Balneario -Hotel Baños de Molgas.
- Gran Balneario do Carballiño.
- Balneario Arnoia Caldaria.
- Balneario Laias Caldaria
- Balneario Lobios Caldaria.
- Balnearios de Cortegada.
- Balneario de Partovia.

Isto sen prexuízo de que, ao longo do desenvolvemento deste programa se poidan incorporar establecementos balnearios da provincia de Ourense que ofrezan condicións semellantes ás definidas nestas bases e o soliciten de forma expresa.

Os titulares dos ditos establecementos terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei xeral de subvencións, concretándose os seus dereitos e obrigas mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nestas bases. Entre outros aspectos, o convenio regulará as obrigas de xustificación das subvencións polos establecementos, as obrigas de darlle publicidade á participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados, así como tamén o sistema para que, durante o período previsto de solicitudes de subvención, poida establecerse, dentro do orzamento global, unha redistribución das contías económicas asignadas ás dúas liñas de subvención previstas nestas bases.

Prevese a existencia de acordos de adhesión ao programa. Estes acordos poderanse subscribir só con entidades públicas, ou entidades privadas sen ánimo de lucro que pasarán a considerarse “entidade(s) adherida(s)”. A sinatura destes convenios implica a asignación por parte da Deputación dunha clave de acceso para entidades, de forma que poida ofertar e tramitar este programa, nas súas diferentes liñas de subvención, facilitándolles o acceso aos cidadáns e/ou membros dos colectivos aos que representa. Ademais os asinantes destes convenios son os únicos que teñen acceso para poder solicitar a liña de subvención prevista na base primeira apartado A.3 estancias balnearias con ou sen tren para grupos.

5. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se solicitan para cada un dos programas, segundo se expresa a continuación:

Programa Tipo 1. Programa de termalismo saudable.

a) Ter cumpridos ou cumprir no ano 2017, cincuenta anos de idade

b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.

c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderá ser beneficiario da subvención, como acompañante calquera persoa maior de idade que desexe aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos como acompañante dunha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b), c) anteriores. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun solicitante que cumpra os ditos requisitos e realizarse de forma simultánea.

Programa Tipo 2. Programa de cultura termal:

a) Ter cumpridos o solicitante, cando menos, 18 anos de idade

b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.

c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria

Tamén poderán ser beneficiarios da subvención, como acompañante(s), as persoas que non cumpran o requisito da idade e que desexen aloxarse nos establecementos balnearios e recibir os tratamentos como acompañante dun/dunha solicitante - no caso de que este acompañante sexa menor de idade non recibirá tratamentos balnearios en ningún caso-, e, naqueles balnearios que oferten este programa con nenos/as, poderán participar os menores ata os 12 anos, cun máximo de 1 por solicitante, que se aloxen co(s) solicitante/s e o seu acompañante na mesma habitación. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta coa da persoa que reúna os requisitos para ser considerado solicitante, quedando excluídos de recibir técnicas balnearias.

6. O tipo de tratamento que se oferta dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.

Os prezos dos servizos de cada establecemento figuran na táboa anexa destas bases.

A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados estará dispoñible para consulta dos interesados, durante o prazo de formulación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <http://termalismo.depourense.es>.

7. En todos os casos a realización das estancias ou recepción dos tratamentos subvencionados terá lugar entre o día seguinte á publicación destas bases a ata o 15 de decembro de 2017.

As quendas para a realización dos diferentes programas serán elixidas polos solicitantes no momento de cubrir telematicamente a súa solicitude. As quendas iniciaránse dende as doce horas do luns, día de chegada, ata as doce horas do sábado, día da saída no caso de Programa de termalismo saudable (estancias balnearias) e desde as doce horas do sábado, día de chegada, ata as dezaseis horas do domingo día de saída no Programa de cultura termal (estancias fin de semana).

8. Os interesados unicamente poderán solicitar a concesión da subvención para un dos programas e subprogramas previstos no apartado 2. En consecuencia, non se admitirá a formulación de solicitudes para máis dun programa ou subprograma.

Segunda. Disponibilidade orzamentaria

O orzamento previsto para os programas aquí incluídos é de 80.000 € con cargo á partida orzamentaria 31331 207000 dos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2017.

Terceira.- Contía das subvencións e prezos dos servizos

1. As subvencións terán os importes seguintes:

a) 50 euros por praza Programa de termalismo saudable, A. Estancia balnearia, se o solicitante está empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense.

b) 10 euros por praza na modalidade de Programa de termalismo saudable, A. Estancia balnearia, se o solicitante non está empadroadado nalgún municipio da provincia.

c) 60 euros por praza Programa de termalismo saudable, B. Estancia balnearia, se o solicitante está empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense.

d) 10 euros por praza na modalidade de Programa de termalismo saudable, B. Estancia balnearia, se o solicitante non está empadroadado nalgún municipio da provincia

e) 40 euros por praza do Programa tipo 1. Termalismo saudable, B. Tratamentos terapéuticos, nas (20 técnicas termais) se



o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

f) 40 euros por praza do Programa tipo 1. Termalismo saudable, B. Tratamentos terapéuticos, nas (20 técnicas termais) se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

g) 50 euros por praza do Programa tipo 1. Termalismo saudable, B. Tratamentos terapéuticos, nas (35 técnicas termais), se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense

h) 50 euros por praza do Programa tipo 1. Termalismo saudable, B. Tratamentos terapéuticos, nas (35 técnicas termais), se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

i) 10 euros por cada praza de maiores de idade no Programa tipo 2. Programa de cultura termal, se o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

j) A estancia dun menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, terá un custe de 10 euros e unha subvención de 10 euros.

k) 5 euros por cada praza de maiores de idade no Programa tipo 2. Programa de cultura balnearia, se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.

l) A estancia dun menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, terá un custe de 10 euros e unha subvención de 10 euros.

2. As subvencións, aplicaranse aos prezos dos servizos ofertados polos establecementos para os beneficiarios dos programas. Estes prezos (que se expresan a continuación), terán unha redución do 10% cando a quenda (turno) seleccionado para o goce do programa sexa para os meses de xaneiro, e febreiro e/ou marzo (tempada “inverno termal”).

- Balneario -Hotel Baños de Molgas:  
- 250 euros no Programa termalismo saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 50 euros.

- 570 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia B. (13 días 12 noites) en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 120 euros.

- 170 euros por Programa de termalismo terapéutico, 20 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- Non se oferta Programa de cultura termal. Estancias fin de semana.

- Gran Balneario do Carballiño:  
- 234 euros no Programa termalismo saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 50 euros.

- 170 euros por Programa de termalismo terapéutico 20 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- 245 euros por Programa de termalismo terapéutico 35 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- Balneario Arnoia Caldaria:  
- 270 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 85 euros.

- 599 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia B. (13 días 12 noites) en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 204 euros.

- 89,50 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- 75 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- Balneario Laias Caldaria:

- 270 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 80 euros.

- 599 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia B. (13 días 12 noites) en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 204 euros.

- 89,50 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- 75 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- Non se ofertan tratamentos con estancia.

- Balneario Lobios Caldaria:

- 270 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 80 euros.

- 599 euros por Programa de termalismo saudable. Estancia balnearia B. (13 días 12 noites) en habitación dobre compartida. A estancia en habitación dobre uso individual levará engadido un suplemento de 204 euros.

- 89,50 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- 75 euros por Programa de cultura termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.

- Non se ofertan tratamentos con estancia.

- Balneario de Cortegada:

- 170 euros por Programa de termalismo terapéutico 20 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- 245 euros por Programa de termalismo terapéutico 35 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- Non se ofertan tratamentos con estancia.

- Balneario de Partovia

- 170 euros por Programa de termalismo terapéutico 20 técnicas. Tratamento balneario sen estancia.

- Non se ofertan tratamentos con estancia.

Os prezos sinalados son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Non obstante o anterior, se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modificase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase no beneficiario, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

3. A subvención da Deputación librarase directamente aos establecementos termais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación da xustificación conforme co establecido no convenio de colaboración cos establecementos balnearios.

Cuarta.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte dos beneficiarios

1. Os beneficiarios aboarán o prezo das prazas da forma seguinte:

Na solicitude de subvención dos programas definidos na base primeira, apartados A.1, A.2 e A.3 o solicitante deberá cubrir un número tarxeta de crédito, e unha autorización para que, tras a concesión, de ser o caso, da subvención solicitada, de forma automática o establecemento balneario para o que faga a solicitude, poida establecer unha retención en garantía do pago da forma seguinte:

Programa de Termalismo Saudable:

- a. A1: 50 € en concepto de reserva de praza.
- b. A2: 100€/50€ segundo o programa de estancias + tren incorpore traxectos de longo recorrido ou non.
- c. A3: Sen tren 50 €. No caso de incorporar tren a contía será de 100€ ou de 50€ segundo se trate de traxectos de longo recorrido ou non.

Os efectos destes programas son traxectos de longo recorrido en tren aqueles que se realizan en dúas paradas, unha delas en tren de alta velocidade.

Programa de cultural termal e Programas de tratamentos balnearios sen estancia: o 100% do prezo do programa pedido polo solicitante.

A cantidade pendente para aboar/ completar o custo total da praza, de ser o caso, aboaráselles directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente.

1. En caso de que o solicitante decida renunciar á praza adjudicada, poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía, que verá reflectido na súa tarxeta de crédito. Para que poida ser afectivo o dereito a esta devolución, a renuncia terá que facerse cun mínimo de 12 días naturais de antelación á data de inicio do seu programa subvencionado e, entre a data da solicitude e a elixida para o inicio da estancia ou tratamento medien, cando menos, 30 días naturais. A renuncia tramitarse a través da plataforma informática.

No caso de que a renuncia leve consigo unha modificación de datas para o goce do programa, só se permitirá unha única modificación de datas e, de ser preciso unha segunda renuncia a este período de goce alternativo elixido non existirá posibilidade de devolución do importe de reserva/pago.

2. Os usuarios poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán aboados exclusivamente polo usuario que os solicite.

Quinta. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible

1. As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, ata o día 1 de decembro de 2017.

2. As solicitudes deberanse tramitar telematicamente, a través da dirección electrónica <http://termalismo.depourense.es>, rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao estar plenamente

garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

3. O rexistro da solicitude telemática poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes modos:

a) Polo propio solicitante, ou o seu representante, en ambos casos empregando o DNI electrónico da persoa que formula a solicitude.

b) Por funcionarios da Área de Benestar da Deputación, autorizados polo solicitante para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais.

4. Na solicitude, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se estableza, o solicitante realizará directamente a reserva para o programa nas datas que desexe. Este proceso tramitarse en liña a través da plataforma informática.

A plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista no presente apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que a dita deficiencia sexa emendada.

No caso de non incluírse esta autorización na solicitude, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa ao acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da dirección <http://www.depourense.es/index.php/resoluciones-termalismo>.

5. Coa solicitude deberá achegarse autorización para que a Deputación de Ourense comprobe os DD.NN.II, ou documento de identificación do solicitante e, de ser o caso, do acompañante, así como os datos da súa inscrición no padrón.

Mediante esta autorización, que se cubrirá na propia solicitude telemática, e baseándose no acordo de prestación de servizos de administración electrónica subscrito entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Deputación de Ourense, a administración provincial procederá á verificación e consulta de datos a través da plataforma de intermediación de datos, de acordo co establecido no artigo 28.2 e 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adjudicaranse, seguindo a orde de prelación establecida pola data e hora de presentación da solicitude beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de xeito permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01h do venres anterior ao da valoración ata as 23.59



h do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como “conforme con subvención Deputación”, ou “excluída”, en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Sétima.- Normativa de aplicación.

No non disposto nestas bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

2º) Ordenar que se proceda á convocatoria das subvencións mediante a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

Balneario; Programa; Prezo: Solicitante empadroado na provincia de Ourense; Solicitante non empadroado na provincia de Ourense

Balneario Arnoia Caldaria:

Estancia balnearia 6 días. Habitación dobre compartida; 220 €; 260 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 85€); 305 €; 345 €

Estancia balnearia 13 días. Habitación dobre compartida; 539 €; 589 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 204€); 743 €; 793 €

Fin de semana individual; 79.50 €; 84.5 €

Fin de semana parella; 130 €; 140 €

Fin de semana individual + 1 menor; 79.50 €; 84.50 €

Fin de semana parella + 1 menor; 130 €; 140 €

Balneario-Hotel de Baños de Molgas:

Estancia balnearia 6 Días. Habitación dobre compartida; 200 €; 240 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 50€); 250 €; 290 €

Estancia balnearia 13 Días. Habitación dobre compartida; 510 €; 560 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 120 €); 630 €; 680 €

Tratamento balneario 20 Técnicas termais; 130 €; 130 €

Tratamento balneario 35 Técnicas termais; 195 €; 195 €

Gran Balneario O Carballiño:

Estancia balnearia. Habitación dobre compartida; 184 €; 224 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 50€); 234 €; 274 €

Tratamento balneario 20 Técnicas termais; 130 €; 130 €

Tratamento balneario 35 Técnicas termais; 195 €; 195 €

Balneario Lais Caldaria:

Estancia balnearia. Habitación dobre compartida; 220 €; 260 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 85€); 305 €; 345 €

Estancia balnearia 13 días. Habitación dobre compartida; 539 €; 589 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 204€); 743 €; 793 €

Fin de semana individual; 79.50 €; 84.5 €

Fin de semana parella; 130 €; 140 €

Fin de semana individual + 1 menor; 79.50 €; 84.50 €

Fin de semana parella + 1 menor; 130 €; 140 €

Balneario Lobios Caldaria:

Estancia balnearia. Habitación dobre compartida; 220 €; 260 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 85€); 305 €; 345 €

Estancia balnearia 13 días. Habitación dobre compartida; 539 €; 589 €

Estancia balnearia. Habitación individual ( supl. 204€); 743 €; 793 €

Fin de semana individual; 79.50 €; 84.5 €

Fin de semana parella; 130 €; 140 €

Fin de semana individual + 1 menor; 79.50 €; 84.50 €

Fin de semana parella + 1 menor; 122 €; 132 €

Balneario de Caldas de Partovia:

Tratamento balneario 20 Técnicas termais; 130 €; 130 €

Balneario de Cortegada; Tratamento balneario 20 Técnicas termais; 130 €; 130 €

Tratamento balneario 35 Técnicas termais; 195 €; 195 €

\*Estes prezos terán un desconto do 10% para o goce dos programas para os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2017

Contra este acordo pode interporse, potestativamente, un recurso de reposición ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo de 1 mes, como trámite previo ao contencioso-administrativo, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado Provincial do Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, sen que se poidan compaxinar ambos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Ourense, 2 de decembro de 2016. O presidente.

Deputación Provincial de Ourense

BDNS (Identif.): 326448 De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aplícase o extracto da convocatoria do “curso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na Provincia de Ourense, correspondente ao exercicio 2017”, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>): Primeiro. Beneficiarios: Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se solicitan para cada un dos programas, segundo se expresa a continuación: Programa tipo 1. Programa de Termalismo Saudable. a) Ter cumpridos o cumprir no ano 2017, cincuenta anos de idade. b) Non padecer enfermidade ni alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios. c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria. Programa tipo 2. Programa de Cultura Termal: a) Ter cumpridos o solicitante, cando menos, 18 anos de idade. b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios. c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria Segundo. Obxecto: Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do ocio saudable nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da

Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, de 12 de novembro de 2015). Terceiro. Bases reguladoras: Acordo da Xunta de Goberno de 2 de decembro de 2016, polo que se establecen as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na provincia de Ourense, correspondente ao exercicio 2017. Cuarto. Importe: O importe da consignación prevista ascende a un total de 80.000 euros, con cargo á aplicación 313.31/207.00 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2017. Quinto. Prazo de presentación de solicitudes: O prazo de solicitude iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación deste extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, ata o día 1 de decembro de 2017. R. 4053

## Diputación Provincial de Ourense

### Anuncio

La Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de Ourense acordó, en la sesión ordinaria que tuvo lugar el día de la fecha, aprobar las siguientes:

*Bases reguladoras del concurso para la concesión de subvenciones para el fomento del termalismo saludable y la cultura termal en la provincia de Ourense, correspondiente al ejercicio 2017*

Para cumplir dicho acuerdo, se publica, de seguida, o texto íntegro das mencionadas bases:

#### Primera. Objeto y beneficiarios

1. Constituye el objeto de estas bases la regulación de la concesión de subvenciones destinadas al fomento do ocio saludable en las instalaciones balnearias de la provincia de Ourense, mediante concurrencia no competitiva a través del procedimiento previsto en los artículos 19.2 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, y en el artículo 8 de la Ordenanza General de Subvenciones de la Diputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260, de 12 de noviembre de 2015).

La concesión de ayudas a las que se refiere esta convocatoria se realizará de forma continua, hasta agotar el presupuesto previsto, según el orden de recepción de las solicitudes y bajo los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

2. En concreto, a través del procedimiento regulado en estas bases la Diputación Provincial de Ourense concederá subvenciones bajo dos modalidades diferentes de programas:

#### Programas tipo 1. Programa de termalismo saludable

##### A. Estancias

##### A.1 Estancias balnearias:

A) En esta línea A se subvencionan estancias de los beneficiarios en los establecimientos balnearios de la provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noches) de lunes a sábado (en régimen de habitación doble compartida, sin perjuicio de lo previsto en la base cuarta, apartado 3, pensión completa (incluyendo en esta pensión completa la bebida), 10 técnicas balnearias, posibilidad de revisión médica de los beneficiarios, siempre que lo demanden, y programa de animación social).

B) Esta línea subvenciona estancias de los beneficiarios en los establecimientos balnearios de la provincia de Ourense de 13 días de duración (12 noches), de lunes a sábado (en régimen de habitación doble compartida, sin perjuicio de lo previsto en la base cuarta, apartado 3, pensión completa - incluyendo bebida-, técnicas balnearias, y posibilidad de revisión médica de los beneficiarios, siempre que lo demanden, y programa de animación social).

A.2 Estancias balnearias + tren: estas subvenciones financiarán las estancias balnearias conforme con lo previsto en el apartado A.1.A. En este programa, además del acceso a la subvención en igualdad de condiciones que los solicitantes del programa A.1.A, los/las beneficiarios/as de la subvención pueden adquirir los billetes de tren (ida y vuelta), desde alguna de las "estaciones termales" que participan en este programa y que se refieren en el convenio suscrito entre Diputación de Ourense y RENFE y, en su caso, sus adendas hasta la estación de Ourense. Los balnearios proporcionan servicios tales como traslados (ida y vuelta), desde la estación de Ourense hasta el/los balneario/s seleccionado/s y rutas culturales.

La gestión de adquisición y puesta a disposición del(s) billete(s) de tren, así como los traslados entre la estación y los balnearios, y las rutas culturales que se propongan en cada una de las semanas de turno, serán responsabilidad del balneario en el que el solicitante desee disfrutar del programa y no conlleve gasto alguno por la gestión. El coste del billete, que será abonado por el beneficiario, responderá únicamente a la tarifa prevista por RENFE para este programa y el importe abonado por el beneficiario en concepto de traslados y rutas culturales (estación de tren de Ourense/balneario/estación de tren, rutas culturales) a lo previsto por el balneario para este servicio.

A. 3 Estancias balnearias con o sin tren para grupos. Estas subvenciones financiarán las estancias balnearias de grupos en similares condiciones que las previstas para el Programa A.1.A Para tener la consideración de grupos tendrán que cumplirse las siguientes condiciones:

a. Que agrupen, por lo menos, a 20 personas en concepto de solicitantes y/o acompañantes.

b. Que la solicitud de este programa sea tramitada por una entidad adherida, según lo previsto en estas bases.

c. Que los solicitantes como grupo realicen un programa de estancias en un mismo establecimiento balneario y dentro del mismo turno.

##### B.- Tratamientos terapéuticos (sin estancia)

Los tratamientos sin estancia, incluyen, en todos los casos, consulta médica a la llegada del/la beneficiario/a al balneario.

B. 1 Tratamientos balnearios terapéuticos dermatológico. Se financiará el uso de técnicas balnearias, de las recogidas en el anexo como específicas para este tipo de tratamientos (20 técnicas balnearias repartidas a lo largo de un máximo de 15 días computado desde el primer día en que se reciben técnicas balnearias)

B. 2 Tratamientos balnearios terapéuticos respiratorio. Se financiará el uso de técnicas balnearias de las recogidas en el anexo como específicas para este tipo de tratamientos (20 técnicas balnearias a lo largo de un máximo de 15 días, computados desde el primer día en que se reciben técnicas balnearias).

B.3 Tratamientos balnearios terapéuticos reumatológico. Se financiará el uso de técnicas balnearias de las recogidas en el anexo como específicas para este tipo de tratamientos (20 técnicas balnearias a lo largo de un máximo de 15 días, computados desde el primer día en que se reciben técnicas balnearias).

B.4 Tratamiento balnearios terapéuticos reumatológico-respiratorio. Se financiará el uso de técnicas balnearias de las recogidas en el anexo como específicas para este tipo de tratamientos (35 técnicas balnearias a lo largo de un máximo de 15 días, computado desde el primer día en que se reciben técnicas balnearias)

##### Programa tipo 2: Programa de cultura termal

1. Estas subvenciones financiarán estancias de fin de semana de los beneficiarios en los establecimientos balnearios de la provincia de Ourense, de 2 días de duración (1 noche) de sába-



do a domingo, incluyéndose pensión completa, 2 técnicas balnearias para los adultos, estancia y programa de ocio en el caso de venir acompañados por menores de 12 años (no podrán ser más de uno/una niño/a por programa).

En el caso de que el/la solicitante (mayor de 18 años), venga acompañado/a de un/una menor, éste/a no podrá disfrutar de tratamientos balnearios en ningún caso.

2. Las subvenciones reguladas en esta convocatoria ciñen su objeto a los servicios balnearios señalados en esta base, entendiéndose excluido cualquier otro servicio adicional y no previsto en estas bases para cada programa descrito que pueda ser prestado por los establecimientos a los beneficiarios. En todo caso, este tipo de servicios adicionales sólo podrán ser prestados con el consentimiento de los afectados, sin que de ninguna manera se pueda imponer a los beneficiarios su recepción.

3. Sin perjuicio de la subvención de la Diputación, los servicios de estancia y tratamiento balneario serán prestados por los establecimientos a los usuarios con carácter de servicios privados, prestados conforme a las condiciones contractuales que rigen para este tipo de servicios conforme a la normativa turística, civil y mercantil aplicable. La Diputación Provincial en ningún caso será parte en la relación contractual entre los beneficiarios y los establecimientos.

4. Los establecimientos balnearios donde se realizarán las estancias y tratamientos subvencionados son los siguientes:

- Balneario -Hotel Baños de Molgas.
- Gran Balneario de O Carballiño.
- Balneario Arnoia Caldaria.
- Balneario Laias Caldaria
- Balneario Lobios Caldaria.
- Balnearios de Cortegada.
- Balneario de Partovia.

Ello sin perjuicio de que, a lo largo del desarrollo de este programa se puedan incorporar establecimientos balnearios de la provincia de Ourense que ofrezcan condiciones semejantes a las definidas en estas bases y lo soliciten de forma expresa.

Los titulares de dichos establecimientos tendrán la consideración de entidades colaboradoras de la Diputación, al amparo de lo establecido en el artículo 12 de la Ley General de Subvenciones, concretándose sus derechos y obligaciones mediante convenio de colaboración que se suscribirá por la Presidencia en el marco de lo establecido en estas bases. Entre otros aspectos, el convenio regulará las obligaciones de justificación de las subvenciones por los establecimientos, las obligaciones de dar publicidad a la participación de la Diputación en la financiación de los servicios prestados, así como también el sistema para que, durante el periodo previsto de solicitudes de subvención, pueda establecerse, dentro del presupuesto global, una redistribución de las cuantías económicas asignadas a las dos líneas de subvención previstas en estas bases.

Se prevé la existencia de acuerdos de adhesión al programa. Estos acuerdos se podrán suscribir sólo con entidades públicas, o entidades privadas sin ánimo de lucro que pasarán a considerarse "entidad(es) adherida(s)". La firma de estos convenios implica la asignación por parte de la Diputación de una clave de acceso para entidades, de forma que pueda ofertar y tramitar este programa, en sus diferentes líneas de subvención, facilitándoles el acceso a los ciudadanos y/o miembros de los colectivos a los que representa. Además los firmantes de estos convenios son los únicos que tienen acceso para poder solicitar la línea de subvención prevista en la base primera apartado A.3 estancias balnearias con o sin tren para grupos.

5. Podrán ser beneficiarias de las subvenciones reguladas en estas bases las personas físicas que reúnan los requisitos que se solicitan para cada uno de los programas, según se expresa a continuación:

Programa tipo 1. Programa de termalismo saludable.

a) Tener cumplidos o cumplir en el año 2017, cincuenta años de edad

b) No padecer enfermedad ni alteración o contraindicación médica que dificulte o impida la normal convivencia en los establecimientos balnearios.

c) Ser persona válida para las actividades de la vida diaria.

También podrá ser beneficiario de la subvención, como acompañante cualquier persona mayor de edad que desee alojarse en los establecimientos balnearios y/o recibir los tratamientos como acompañante de una persona que reúna los requisitos señalados en los apartados a), b), c) anteriores. En este caso, su participación tendrá que ser pedida de forma conjunta con un solicitante que cumpla dichos requisitos y realizarse de forma simultánea.

Programa tipo 2. Programa de cultura termal:

a) Tener cumplidos el solicitante, cuando menos, 18 años de edad

b) No padecer enfermedad ni alteración o contraindicación médica que dificulte o impida la normal convivencia en los establecimientos balnearios.

c) Ser persona válida para las actividades de la vida diaria

También podrán ser beneficiarios de la subvención, como acompañante(s), las personas que no cumplan el requisito de la edad y que deseen alojarse en los establecimientos balnearios y recibir los tratamientos como acompañante de un/una solicitante - en el caso de que este acompañante sea menor de edad no recibirá tratamientos balnearios en ningún caso-, y, en aquellos balnearios que oferten este programa con niños/as, podrán participar los menores hasta los 12 años, con un máximo de 1 por solicitante, que se alojen con el(los) solicitante/s y su acompañante en la misma habitación. En este caso, su participación tendrá que ser pedida de forma conjunta con la de la persona que reúna los requisitos para ser considerado solicitante, quedando excluidos de recibir técnicas balnearias.

6. El tipo de tratamiento que se oferta dependerá del balneario seleccionado, pudiendo ser modificado en función de la revisión médica de los beneficiarios realizada a su llegada al establecimiento.

Los precios de los servicios de cada establecimiento figuran en la tabla anexa de estas bases.

La información detallada sobre las características de los establecimientos y de los tratamientos ofertados estará disponible para consulta de los interesados, durante el plazo de formulación de solicitudes, en la dirección electrónica siguiente: <http://termalismo.depourense.es>.

7. En todos los casos la realización de las estancias o recepción de los tratamientos subvencionados tendrá lugar entre el día siguiente a la publicación de estas bases hasta el 15 de diciembre de 2017.

Los turnos para la realización de los diferentes programas serán elegidos por los solicitantes en el momento de cubrir telemáticamente su solicitud. Los turnos se iniciarán desde las doce horas del lunes, día de llegada, hasta las doce horas del sábado, día de la salida en el caso de Programa de termalismo saludable (estancias balnearias) y desde las doce horas del sábado, día de llegada, hasta las dieciséis horas del domingo día de salida en el Programa de cultura termal (estancias fin de semana).

